

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 29.11.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 08.33 h do 29.11.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso (quen abandona a sesión ás 09.04 h), Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretario en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Rodríguez

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

A continuación fai uso a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que urxencia desta sesión vén determinada polos prazos que se establecen para poder facer uso do remanente de tesourería en inversións financeiramente sostibles, que deben estar publicados antes do 30 de decembro.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que como se acaba de dicir hai prazo ata o 30 de decembro e pensa que neste caso non se trata dunha urxencia senón que é unha falla de previsión total e absoluta, unha falta de previsión por parte do equipo de goberno. Hai máis de tres semanas que se vén dicindo que vai haber un pleno extraordinario que ao final foi convocado extraordinario urxente o día anterior as 15.00 h, sen ter posibilidade ningunha de ver os expedientes. Por iso o seu voto, neste caso, sabendo que tampouco vai ser moi decisivo, vai ser en contra desta urxencia.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que é certo que o goberno comentou que íase facer un pleno extraordinario e logo da Comisión do martes, onte ás 11.00 h na Comisión informóuselles que o Pleno sería hoxe ás 08.30 h. Non pode entender que se faga con esta celeridade e falta de tempo para poder ver os proxectos con detemento e entende que a única urxencia que hai é a falta de planificación do goberno, por iso non pode votar a favor da urxencia. O seu grupo entende que estas materias sexan propias dun pleno extraordinario pero non a urxencia que leva esta convocatoria, por iso o seu grupo vaise abster na votación, no sentido de que non quere ninguén use o sentido do voto para poder dicir que o grupo Socialista oponse ás obras, xa que a maioría das obras son necesarias para os veciños e veciñas de Fene, pero tamén é necesario poder estudar os proxectos con tempo suficiente e non se esta nesas circunstancias.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo forma parte do goberno e por tanto son copartícipes da decisión.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que vai votar en contra da urxencia, por motivos máis que evidentes e xa foron expostos polo

voceiro do grupo municipal do BNG e non se vai repetir. É curioso que se trata de obras, que son importantes, pero son tan importantes como outras que se traían no goberno do BNG e EU e se facilitaba a documentación con 20 días ou máis e cando se chegaba ao Pleno se lles dicía que non se votaba porque non tiveran tempo de as consultar. Non obstante, anuncia que votará en contra desta urxencia.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal Socialista.

2. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito núm. 25/2018, subexpediente núm. 02/2018 de suplemento de créditos e crédito extraordinario e declaración de investimentos financeiramente sustentables, Proposta 2018/G006/000130

A alcaldía presenta a seguinte Proposta da alcaldía que queda incorporada á orde do día, con 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

**“PROPOSTA DA ALCALDIA
2018/G006/000130**

Propónse ó Concello Pleno a adopción de acordo de aprobación do expediente de modificación de créditos 25/2018, subexpediente 02/2018 de suplemento de créditos e crédito extraordinario, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia achegada no expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó Concello Pleno a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro. - Aprobar o expediente de modificación de créditos 25/2018, subexpediente 02/2018 de suplemento de créditos e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 708.300,95 euros co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Instalación eléctrica de Baixa tensión -sustitución de lámpadas de alumeadado público en Av Conces	37.169,22	37.169,22	165/61900
Instalación eléctrica de Baixa tensión -sustitución de lámpadas de alumeadado público en Av Naturais	32.194,93	32.194,93	165/61900
Instalación eléctrica de Baixa tensión -sustitución de lámpadas de alumeadado público en Av Figueiroa	38.479,69	38.479,69	165/61900
Eliminación de vertidos na rúa paralela a San Estevo-Perlío	53.454,24	53.454,24	160.60900
Pavimentación dos vias: Rúa do pachuzo e Camiño Castro	42.142,00	42.142,00	1532.61900
Pavimentación de camiños municipais en O Penedo-Barallobre	46.078,97	46.078,97	1532.61900
Pavimentación de camino Cadavas	68.008,79	68.008,79	1532.61900

Reforzo do firme con MBQ no camiño Lameira -Maniños	25.151,92	25.151,92	1532.61900
Reforzo do firme con MBQ no camiño Sillobre a Buio	46.005,59	46.005,59	1532.61900
Reforzo do firme con MBQ no camino Piñeiro Manso- Maniños	22.240,03	22.240,03	1532.61900
Acondicionamento do entorno fonte do Campo en Fene	48.375,90	48.375,90	1532.61900
Gradas de Pista Centieiras	39.453,71	39.453,71	342.63201
Alcantarillado Torre Magalofes	67.047,96	67.047,96	160.60900
Escuela Sillobre	46.005,59	46.005,59	1532.61900

Aplicacións orzamentarias afectadas polo crédito extraordinario:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Creación e mellora de infraestructuras de uso público: parque destinado á infancia en Fene	48.238,03	48.238,03	171/62200
Acondicionamento parque da Hortiña-Limodre	48.254,38	48.254,38	171/62200

A devandita modificación financiarase con remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2017, co seguinte detalle:

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870.00	Remanente Liquido de Tesorería	708.300,95
	TOTAL INGRESOS	708.300,95

Segundo. - Ao abeiro do disposto no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do suerávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, DECLARAR INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLEA os incluídos neste expediente.

Terceiro. - De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

Asinado polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe."

Abre o debate a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que en primeiro lugar o goberno estivo anunciando a inminencia da convocatoria deste Pleno para tratar unhas modificacións de crédito con cargo ao remanente de tesourería para poder facer fronte a unha serie de obras. É certo que o Pleno convocouse extraordinario urxente para hoxe, tal e como prevé a Lei. É certo que na Comisión o concelleiro de Obras deu conta de todos e cada un dos expedientes que se traen hoxe aquí. Entende que por ignorancia, en concreto dalgunha das persoas que forman parte da oposición, se pode confundir churras con meninas, como sempre. O que se trae aquí é un expediente económico puro e duro. As obras que se van financiar con cargo ao remanente teñen un

procedemento moi sinxelo, teñen que contar cun informe técnico que diga que as obras que se pretenden executar son financeiramente sostibles e un expediente económico que acredite que existe crédito económico para dispor del. Lémbrales ao voceiro do grupo municipal do BNG, que durante os tres anos que estivo no goberno, foi moi frecuente o uso das convocatorias dos Plenos extraordinarios urxentes, tanto cando tiña maioría absoluta como cando o goberno estaba composto por 5 de 17 concelleiros, foi incluso tan ousado que o único orzamento que presentou e aprobou o presentou nun Pleno extraordinario urxente, o 15.10.2015, incluso logo corrouse aínda máis ao presentarlos nunha moción urxente, por iso rógalle que non se queixe por isto. Prosegue a dicirlle ao voceiro do grupo municipal do BNG, que respecto das obras da Deputación chegonas a levar o 30.12.2016, o último día hábil do ano no que tamén levou as subvencións e a modificación do IBI das sociedades, porque era o último día. Dille que ese era o xeito no que traballaba o seu goberno, así a concelleira de Persoal presentou a OPE o último día e, aínda por riba, estaba mal. Todo isto foi para cumprir o trámite, é dicir, o seu goberno levaba as cousas tarde, mal e a rastro, sen adoptar ningunha medida nova ou ningún novo orzamento. As aplicacións orzamentadas incrementadas para facer as obras eléctricas o goberno entende que son necesarias para fortalecer a seguridade vial. A eliminación de vertidos é algo que xurdiu hai varios anos e que o anterior goberno estaba a estudar pero que non previu a súa inversión. As pavimentacións e demais obras considéranse necesarias e respecto da creación do parque, como todos deben lembrar, o partido Socialista incluído, o que tamén debe entonar un mea culpa, xa que grazas a ter un goberno con maioría se vai poder facer realidade o ter un parque ao lado do Concello. Neste senso, os concelleiros que estaban na lexislatura 2011-2015 deben lembrar que este foi un proxecto con financiamento que presentara o concelleiro de Promoción Económica e que precisaba dunha inversión municipal moi pequena, inversión ao que todos os partidos da oposición votaron en contra, deixando sen parque a todos os nenos de Fene.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non vai entrar en descalzacións nin na obxección que ten a voceira do grupo municipal do PP, pero dille que nos tres anos do anterior goberno se fixeron menos plenos extraordinarios urxentes que nos meses que levan vostedes. Respecto as obras, ao non se poder ver os expedientes, non saben exactamente que se vai facer e pide que conste en acta que roga, unha vez máis, que lle faciliten os proxectos, incluso en dixital, para ver que é o que se vai facer en todas estas obras, xa que de xeito xenérico non se pode saber se se reforza o firme con aglomerado ou cun rego asfáltico.

De seguido intervén o alcalde que lle aclara ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que non hai ningún rego asfáltico.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que lle gustaría recibilos proxectos como os outros que ten solicitaron hai meses e seguen sen recibilos. Vota en falta, segundo o solicitado polo seu grupo hai un par de Plenos obras no cemiterio municipal, ampliación do cemiterio ou no columbario, que como se sabe pode haber problemas á hora de pedir a subvención do POS e por iso, estas obras podíanse facer con fondos propios. Como non viu como se fixo o expediente e non tiveron ocasión de falar nunca destes temas ten estas dúbidas. Outra cousa que lle chama a atención é que vota en falta servizos de auga e saneamento, incluso a única eliminación de vertidos é a que xa tiña preparada o anterior goberno, que é a paralela de San Esteban. O seu grupo neste punto vaise abster porque aínda que todos están a favor de facer obras, cantas máis mellor, o seu grupo non tivo posibilidade de consultar os proxectos nin saber cales foron os criterios que se usaron.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que á marxe da orde do día non renuncia a que algunhas cousas se expliquen aquí no Pleno, xa que hai algúns proxectos dos que descoñece o contido e alcance. Como dixo a voceira do grupo de goberno este é un asunto de contido exclusivamente económico pero, unha vez aprobado o expediente, as obras son as que son e non outras. Roga que expliquen un pouco a actuación da eliminación de vertidos na paralela a San Esteban, o contido e alcance da obra da escola de Sillobre. Respecto das obras de alumeadado supón que será con tecnoloxía led. Respecto do parque da Hortiña intúe que será o parque infantil e roga que lle aclare. Respecto da Fonte do Campo é certo que ten o peche perimetral moi deteriorado dende hai tempo e o parque infantil tampouco esta moi ala, polo que roga lle expliquen o contido e alcance desta actuación. Respecto das gradas de Centieiras, logo do arranxo do pavillón quere saber que se vai facer alí, se se van cubrir as gradas ou non, ou que tipo de intervención se ten pensado facer. Respecto do parque do Concello non se resiste a contestarlle que as obras son necesarias e todo o que redunde en beneficio

dos veciños e veciñas non vai ir coa súa oposición pero, respecto deste parque, non ten nada que quitar a decisión que o seu grupo tomou hai case cinco anos. Neste Concello primeiro había 21 parques, agora quedan 20 e ningún cumpre coa normativa. É certo que hai proxectos xa pendentes destes anos de intervencións en diversos parques e vanse poder adaptar á normativa unha vez se executen. Baixo o seu criterio houbera preferido primeiro ter os parques que hai ben, adaptados á normativa e logo pensar en facer novos parques. En relación a facer parques novos di que hai parroquias que chegaron a ter cinco parques en distancias inferiores a quilómetro e medio. Se estes asuntos de discutisen con calma e se puidera consensuar, igual poderían chegar á conclusión de que igual sobra un número de parques e faltan parques ben dotados, cun bo mantemento e un equipamento para distintas idades, de xeito que igual non fai falta tanto parque. Postos a falar todos, fóra do debate partidario, igual se podería chegar á conclusión de reducir parques e os que hai que estivesen mellor dotados. Lémbrale que se a praza do Concello é a praza do Alcalde Ramon Souto González o parque que esta anexo á praza debía levar o mesmo nome. Prosegue a dicir que estas obras lle valen igual que lle podían ter valido outras das que se podería ter discutido, entende que son obras que se deben facer e que hai que estar a uns prazos, pero aínda así non se poden traer así as cousas. O seu grupo, ademais das matizacións feitas, ten predisposición para que estas obras se fagan pero algunha, como a da demolición da depuradora, houbera preferido que a xestión que iniciou o anterior goberno para que Portos de Galicia e a Xunta de Galicia interviñesen a seguira este goberno, e que esta obra se realizase cos seus cartos e non fose todo con cargo a cartos municipais. Con todo, parécelle unha obra que se debe facer. Por todo isto, o seu grupo vaise abster e o fará co sentido de apoiar as obras que se fan e nunca no sentido de restar o desestabilizar a execución das obras, aínda que a xestión puidera ser mellorable. Con máis tempo, podendo ver e debater sobre os proxectos a posición do seu grupo podería ser outra, así a abstención baséase nas urxencia, pola falta de previsión e información, a pesar de que o goberno non comezou mal do todo, avisando hai moitas semanas de que isto viña e pedindo achegas aos grupos municipais, coa mágoa de que o goberno non foi quen de finalizalo ben, aínda que atendesen a algunha achega que fixo o seu grupo e outros.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que esta de acordo aínda que pregunta por que houbo que votar a inclusión na orde do día?.

Contéstalle o alcalde que se vota porque así o di o regulamento.

De seguido intervén o secretario que di que o Real decreto 2568/1986 di no artigo 82.3 que: O alcalde ou presidente, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos voceiros, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva comisión informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día. Como este asunto non foi ditaminado require a súa ratificación.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que case que coincide coa intervención do voceiro do grupo municipal Socialista, sobre todo no que se refire ao tema dos parques, Fene ten un montón deles e ao final case que non ten ningún porque están todos como están. Parécelle ben as obras, poderían ter visto os expedientes e se poderían ter reunido, como se facía hai tempo, para falar de todas as obras. En calquera caso anuncia a súa abstención.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que di, respecto das obras eléctricas de Conces, Naturais e Figueroa trátase da substitución do alumeadado por bombillas led.

Neste momento abandona a sesión a concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, cando son as 09.04 h.

Prosegue o alcalde a dicir que a eliminación de vertidos en San Esteban é un expediente que vén de atrás, precisamente Augas de Galicia ten aberto un expediente por eses vertidos e hai que substituír toda a rede de saneamento nesa rúa. Respecto das pavimentacións aclara que o Pachucho vai cara ao campo de fútbol; o Penedo é o que camiño que vai cara a Monte Cancela; o camiño Lameira é o que baixa dende a Brea ata o Piqueiro, o camiño dos Cadavás e o Muiño do Vento; de Sillobre a Buio é o camiño do cemiterio e o camiño do Piñeiro é o de Maniños. O acondicionamento da Fonte do Campo é unha remodelación do contorno da pista polideportiva, os peches, a reposición de elementos do parque infantil. En relación as gradas da pista de Centieiras, o goberno considerou que se debían compaxinar coas obras da cuberta, xa que as gradas están bastante deterioradas e aclara que non

inclúe a cubrición, para que unha vez que se cubra quede en conxunto a pita renovada. O alcantarillado da Torre en Magalofes é o alcantarillado de cinco ou seis casas que faltan dende un pouco antes de onde se realizaba a festa do Cabalo ata o límite con Cabanas. A escola de Sillobre é un proxecto de remodelación total da escola, aféctalle ao local do lado, as aulas, a calefacción, substitución de todos os elementos do parque, dotación do chan exterior porque o contorno da escola esta bastante deteriorado. O parque de Fene chamaráselle parque do Alcalde Ramón Souto González e un parque máis ben sinxelo que pensa debe acompañar á praza. O parque da Hortiña, igual que o da Fonte do Campo, trátase dunha remodelación integral, co pintado das paredes anexas, coa substitución dos elementos de xogos infantís e leva tamén un pequeno acondicionamento do contorno. Evidentemente existen outras obras e hai proxectos pedidos doutras obras que puideran ser incluídas. Todo isto supuxo un esforzo importante, non só polas obras que hai aquí senón por outras que xa están proxectadas e as esta revisando o técnico municipal para a súa posterior inclusión, ben noutro expediente de cara ao ano que vén ou para incluír no POS. Respecto do Cemiterio a idea é incluílo no POS, xa se pediu o asesoramento correspondente para comprobar se tería cabida ou non e conclúese que si.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que respecto do parque da Hortiña vaise repoñer todos os elementos que hai substituíndo o valado perimetral?.

Contéstalle o alcalde que non se suprime nada, é un acondicionamento do parque tal e como esta.

O concelleiro de Obras, César Daniel Castro García, engade que se inclúe o chan de lousa, a zona de merendeiro, onde hai a mesa de madeira e os demais elementos. Inclúese o pintado de elementos e dos farois, inclúe unha porta da entrada e o arranxo do palco. Tanto en Fonte do Campo como na Hortiña son espazos que levan moito tempo padecendo unha falta de mantemento sistemática, así logo de tantos años requiren unha renovación. Na Fonte do Campo inclúese unha tirolina, como elemento que lle dea atractivo ao nenos da zona e renóvase todos os elementos do parque infantil. Neste expediente non se inclúe a demolición da depuradora. Respecto da escola de Sillobre renóvase a instalación da biblioteca, o pintado das aulas e da fachada, renóvase a porta principal e un cuarto de baño, renóvase a calefacción nas aulas, na sala do Anpa, do parque infantil e farase unha beirarrúa nova cara a porta de entrada.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que agradece as indicacións e quere deixar constancia de que vota de menos obras como a substitución das tubarías na Porta do Sol para que os veciños poidan ter unha calidade no servizo de auga e as microextensións da rede de augas que hai dende o problema da seca. Entende que aínda hai espazo para atender estas obras e aclara que aínda que as vote de menos tamén é consciente de que todo o que necesita o Concello non cabe nuns orzamentos.

Contéstalle ao alcalde dicindo que o tema das microextensións di que xa se están mirando en Limodre, na Lagarteira e noutros sitios. O tema das tubarías na Porta do Sol segue co mesmo problema, o proxecto esta listo pero o problema segue a ser Fomento, que quere levar a renovación por fóra do que é o asfalto, sen levantar a calzada, porque hai zona expropiada das fincas. Non obstante, algunhas fincas teñen algo de fronte e outras non, polo que a tubaría tería que ir serpenteando todo o traxecto. Comprende que daquela, Fomento non deixara abrir unha zanja porque a obra estaba en garantía pero esa garantía xa debeu finalizar. Ese segue a ser o problema.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que había unhas cuestións técnicas que se puxeron enriba da mesa que non sabe se se estudaron. Consistía na posibilidade de meter unha tubaxe por dentro da tubaría actual. Se o problema é Fomento habería que instarlle a autorizar a obra e darlle ao proxecto cara adiante.

Contéstalle o alcalde que por rematar o proxecto non hai problema e, o voceiro do grupo municipal Socialista di que lle toma a palabra ao alcalde e acepta o seu compromiso de rematar e presentar este proxecto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro. - Aprobar o expediente de modificación de créditos 25/2018, subexpediente 02/2018 de suplemento de créditos e crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 708.300,95 euros co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Instalación eléctrica de Baixa tensión -sustitución de lámpadas de alumado público en Av Conces	37.169,22	37.169,22	165/61900
Instalación eléctrica de Baixa tensión -sustitución de lámpadas de alumado público en Av Naturais	32.194,93	32.194,93	165/61900
Instalación eléctrica de Baixa tensión -sustitución de lámpadas de alumado público en Av Figueiroa	38.479,69	38.479,69	165/61900
Eliminación de vertidos na rúa paralela a San Estevo-Perlío	53.454,24	53.454,24	160.60900
Pavimentación dos viais: Rúa do Pachuzo e Camiño Castro	42.142,00	42.142,00	1532.61900
Pavimentación de camiños municipais en O Penedo-Barallobre	46.078,97	46.078,97	1532.61900
Pavimentación de camino Cadavas	68.008,79	68.008,79	1532.61900
Reforzo do firme con MBQ no camiño Lameira -Maniños	25.151,92	25.151,92	1532.61900
Reforzo do firme con MBQ no camiño Sillobre a Buio	46.005,59	46.005,59	1532.61900
Reforzo do firme con MBQ no camiño Piñeiro Manso- Maniños	22.240,03	22.240,03	1532.61900
Acondicionamento do entorno fonte do Campo en Fene	48.375,90	48.375,90	1532.61900
Gradas de Pista Centieiras	39.453,71	39.453,71	342.63201
Alcantarillado Torre Magalofes	67.047,96	67.047,96	160.60900
Escuela Sillobre	46.005,59	46.005,59	1532.61900

Aplicacións orzamentarias afectadas polo crédito extraordinario:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Creación e mellora de infraestructuras de uso público: parque destinado á infancia en Fene	48.238,03	48.238,03	171/62200
Acondicionamento parque da Hortiña- Limodre	48.254,38	48.254,38	171/62200

A devandita modificación financiarase con remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2017, co seguinte detalle:

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870.00	Remanente Liquido de Tesorería	708.300,95
	TOTAL INGRESOS	708.300,95

Segundo. – Ao abeiro do disposto no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do suerávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, DECLARAR INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLEA os incluídos neste expediente.

Terceiro. - De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

50
09€
051

3.1 Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía da autorización de compatibilidade dunha funcionaria de carreira para o desempeño dunha segunda actividade no sector público, expediente 2018/G006/000128

A alcaldía presenta a seguinte Proposta da alcaldía que queda incorporada á orde do día, cos 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 7 abstencións (3 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: AUTORIZACIÓN COMPATIBILIDADE FUNCIONARIA DE CARREIRA PARA DESEMPEÑO 2ª ACTIVIDADE NO SECTOR PÚBLICO

XXXXXXX, funcionaria de carreira deste Concello, é titular dunha praza de técnica de xestión financeira e recadación (subgrupo: A2) adscrita ao Departamento de Xestión Económica.

A dita funcionaria ten previsto prestar servizos de contabilidade no Concello de Cabanas.

Polo tanto, resulta necesario acudir á lexislación sobre incompatibilidades dos funcionarios locais. A materia está regulada na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas (en diante, LIPAP), cuxo artigo 1 recolle, como regra xeral, a prohibición para exercer dúas actividades públicas.

Con todo, o propio texto legal recolle algunhas excepcións.

Así, como unha das excepcións, o artigo 3.1 da LIPAP admite a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto no sector público nos seguintes supostos:

“1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley sólo podrá desempeñar un segundo puesto de trabajo o actividad en el sector público en los supuestos previstos en la misma para las funciones docente y sanitaria, en los casos a que se refieren los artículos 5º y 6º y en los que, por razón de interés público, se determine por el Consejo de Ministros, mediante Real decreto, y órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma, en el ámbito de sus respectivas competencias; en

este último supuesto la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral.

Para el ejercicio de la segunda actividad será indispensable la previa y expresa autorización de compatibilidad, que no supondrá modificación de la jornada de trabajo y horario de los dos puestos y que se condiciona a su estricto cumplimiento en ambos.

En todo caso la autorización de compatibilidad se efectuará en razón del interés público."

En consecuencia, por analogía co Consello de Ministros no ámbito estatal, e co órgano de goberno no ámbito autonómico, o Pleno do Concello, se estimase razóns de interese público, podería conceder a compatibilidade de XXXXXXXXXX, para o desempeño dun segundo posto no Concello de Cabanas.

En relación co anterior, o artigo 14 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, determina que:

"En todos los supuestos en que la ley 53/1984, de 26 de Diciembre o este Real Decreto se refieren a puestos de trabajo con jornada a tiempo parcial, se ha de entender por tal aquella que no supera las treinta horas semanales."

Así mesmo, e conformidade co artigo 7.1 da LIPAP:

"1. Será requisito necesario para autorizar la compatibilidad de actividades públicas, el que la cantidad total percibida por ambos puestos de trabajo o actividades no supere la remuneración prevista en los Presupuestos Generales del Estado para el cargo de Director General, ni supere la correspondiente al principal, estimada en régimen de dedicación ordinaria, incrementada en:

-Un 30 por 100, para los funcionarios del grupo A o personal de nivel equivalente.

-Un 35 por 100, para los funcionarios del grupo B o personal de nivel equivalente.

0.0)."

09€

En consonancia co anterior, o artigo 16.1 da LIPAP tampouco permite autorizar o recoñecer a compatibilidade cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir polo concepto do artigo 24.b) do TREBEP, inclúan o factor de incompatibilidade.

Segundo os datos obrantes nestas dependencias municipais, cúmprense as limitacións impostas polos artigos 7.1 e 16.1 LIPAP.

Tendo en conta o anterior, e de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Autorizar a XXXXXXXXXX, funcionaria de carreira deste Concello, XXXXX, a compatibilidade para realizar funcións e tarefas de desenvolvemento da contabilidade municipal no Concello de Cabanas, apreciando razóns de interese público, baseadas nos principios legais de cooperación e colaboración que deben rexer nas relacións entre as Administracións Públicas.

A devandita autorización queda condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

-A actividade secundaria sólo poderá prestarse a tempo parcial. Enténdese por xornada a tempo parcial a que non supere as 30 horas semanais.

-Deberá exercerse en réxime laboral.

-Cunha duración determinada.

SEGUNDO.- Notificar á interesada o acordo adoptado indicándolle que fronte a este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará

expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Organización e Seguridade na primeira sesión que celebre, en cumprimento do disposto no artigo 126.2 do Real decreto legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que consta na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.”

Abre o debate o alcalde que di que trátase da asistencia dunha funcionaria ao Concello de Cabanas, loxicamente non interromperá a actividade laboral das mañás da funcionaria no Concello de Fene e a compatibilidade se realizará ao longo das tardes.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que remítese ao dito anteriormente. Agora pola mañá recolleron a documentación e onte na Comisión non se falou disto. Descoñecen os tempos e tampouco hai informe de intervención. Por todo isto anuncia a abstención neste asunto.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o que menos lle gusta deste expediente é que se traia singularizadamente vinculado a unha persoa. O seu grupo cree, respecto das segundas actividades, que debían tomarse unha posición consensuada, como Corporación, e aplicarllo ao conxunto das segundas actividades que se soliciten, xa que non deixa de ser un tema delicado, porque trátase da administración pública, porque hai sectores que teñen limitacións claras de incompatibilidades e porque hai unha situación de desemprego no país onde cada posto de traballo é unha flor no campo, precisamente pola ausencia dun número importante de emprego, público e privado. Lembra outros debates doutras prazas no que se tiveron criterios distintos. Para o seu grupo trátase dun tema no que non querían entrar novamente nel sen ter ese criterio de conxunto. Entende que non é correcto adoptar unha decisión para cada un dos casos que se presentan, senón ter un criterio como Corporación que vaia máis alá de cada caso particular ou da pertinencia de cada caso individualizado. Entende que se poidan autorizar segundas actividades para cubrir postos de habilitados nacionais para o caso de que uns cubran as ausencias doutros, pois a súa convocatoria non é unha competencia local senón que é de convocatoria nacional. Para o resto de traballadores pensa que habería que perfilar moito a pertinencia da súa autorización, con independencia de quen se trate ou do sector que sexa, pois o que se debe pensar é que debe facer a administración pública, se debe promover este tipo de solucións ou licitar cantos máis postos de traballo mellor. Neste caso, sen falar da solvencia técnica da persoa en cuestión, da que nada ten que dicir, anuncia que o seu grupo absterase, porque urxe facer un criterio xeral para este tipo de casos, sen ter que debater se a un traballador ou a outro se lle vai conceder ou non a compatibilidade.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que aclara, en primeiro lugar que esta de acordo en que hai que ter criterios moi claros para establecer as segundas actividades pero neste caso trátase dunha cuestión moi limitada no tempo, precisamente para prestar asesoramento a unha persoa que si inicia o seu traballo no Concello de Cabanas. Trátase de ensinalle a traballar, xa que concretamente a persoa que viña facendo este traballo esta de baixa por incapacidade. Trátase de poñer ao día a contabilidade e formar a un traballador, algo moi limitado que non é o exercicio dunha actividade permanente como pode ser a docencia ou a profesional, que pode ser para toda a vida ou para o tempo que decida a persoa. En segundo lugar di que o tema é coñecido porque xa veu ao Pleno, retirouse do anterior Pleno porque existiu a dúbida de se debía incluír informe de Intervención ou non. Ao final Intervención considerou que non debía emitir informe e por iso inclúese novamente neste Pleno.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que pregunta se hai unha previsión temporal desta segunda actividade?.

Contéstalle o alcalde que si, que será por seis meses.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que atendendo as explicacións do alcalde e logo de tratar este asunto na Xunta de Voceiros, entendendo de que non se trata de cubrir un posto de traballo senón que se trata de asesorar e formar ao funcionario ou laboral que se incorpore, tendo en conta que é limitado no tempo, o seu grupo muda o criterio e si apoiará a proposta que lle presentan, entendendo que é unha situación excepcional.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que lle acaban de informar que saíu hoxe no DOG que Cabanas esta a ofertar unha praza de técnico de xestión tributaria.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o que pon a proposta é que o Concello de Fene é quen pagará 800 € á empregada e iso non se corresponde co falado aquí. Di que a súa postura será a abstención pero di que isto presenta moitas dúbidas.

De seguido intervén o alcalde que di que trátase dun erro, que o pagamento o fará Cabanas. Trátase dun erro que se vai corrixir no senso de que á traballadora, quen lle vai pagar directamente será o Concello de Cabanas, non obstante é un erro do informe e a proposta esta ben redactada, é acorde co falado e á persoa quen lle vai pagar é o Concello de Cabanas e non Fene. Na documentación adxunta hai un erro que inclúe o convenio segundo a primeira proposta, que dicía que Fene ingresaría de Cabanas 800 euros e logo sería Fene quen lle pagase o complemento á técnica. Esta documentación non é válida e a proposta si esta ben. A votación sería estimar que quen abona e quen lle fai o pagamento á traballadora é directamente o Concello de Cabanas.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a proposta non transcribe o que se esta a dicir.

De seguido o alcalde di que se se quere retírase o asunto da orde do día e preséntase novamente no pleno ordinario.

A continuación fai uso da palabra o secretario que di que trátase dun erro no informe pero que a proposta esta ben.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que pide que o secretario lles asesore sobre este tema. Se queda claro que o que se vai aprobar é o que se falou na Xunta de Voceiros, no senso de que vai pagar Cabanas o seu grupo non ten ningún problema. Se hai algunha dúbida legal o Pleno ordinario esta a unha semana.

A continuación fai uso da palabra o secretario que di que non hai ningunha dúbida. A proposta é autorizar a compatibilidade, logo o Concello de Cabanas se encargará das retribucións. Fene non asume ningún tipo de retribución.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a XXXXXXXXX, funcionaria de carreira deste Concello, técnica de xestión financeira e recadación, a compatibilidade para realizar funcións e tarefas de desenvolvemento da contabilidade municipal no Concello de Cabanas, apreciando razóns de interese público, baseadas nos principios legais de cooperación e colaboración que deben rexer nas relacións entre as Administracións Públicas.

A devandita autorización queda condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

-A actividade secundaria sólo poderá prestarse a tempo parcial. Enténdese por xornada a tempo parcial a que non supere as 30 horas semanais.

-Deberá exercerse en réxime laboral.

-Cunha duración determinada.

SEGUNDO.- Notificar á interesada o acordo adoptado indicándolle que fronte a este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Organización e Seguridade na primeira sesión que celebre, en cumprimento do disposto no artigo 126.2 do Real decreto legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.32 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario en réxime de acumulación Manuel Larrosa Rodríguez e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.